

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VIRXE DA BARCA

2º PRIMARIA

DATA: 04/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Área de Lingua Galega e Castelá

- Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos.
- Elaborar e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos.
- Utilizar a lingua galega e castelá en calquera situación de comunicación dentro da aula e fóra dela.
- Ler textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada..
- Expresar, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.
- Comprender, producir e reescribir textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.
- Usar o punto nos seus escritos e interesarse por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
- Interesarse pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.

Área de Matemáticas

- Utilizar os números ordinais en contextos reais.
- Ler, escribir e ordenar números naturais ata o 999, aplicándollo a textos numéricos e a situacións da vida cotiá.

- Realizar operacións de suma, resta e iniciarse nas tablas de multiplicar.
- Aplicar a propiedade conmutativa da suma de números naturais.
- Contar de maneira ascendente e descendente.
- Identificar os números pares e os impares.
- Iniciase na reflexión sobre o proceso de resolución de problemas.
- Calcular magnitudes de lonxitude, peso e capacidade de obxectos.
- Coñecer as unidades de medida do tempo e as súa relación coa vida cotiá.
- Describir a situación dun obxecto, utilizando os conceptos esquerda -dereita, diante -atrás, arriba -abaixo e cerca -lonxe.
- Identificar e clasificar diferentes tipos de liñas e formas.

Área de Ciencias Sociais

- Realizar traballos e presentacións sinxelas a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.
- Observar algúns fenómenos atmosféricos e realiza as súas primeiras formas de representación.
- Diferenciar entre elementos naturais e os que construíu o home no seu contorno próximo e describir como modificaron o medio natural.
- Identificar as relacións de parentesco e discriminar os roles familiares.
- Respetar aos demais e as normas establecidas (escoita as intervencións, espera a quenda de palabra, achega ideas, fai preguntas en relación co tema, etc.).
- Coñecer a súa localidade e identifica a aldea, a vila e a cidade coas súas semellanzas e diferenza e os diferentes tipos de vivendas.
- Coñecer as normas básicas de seguridade viaria e utilízaas tanto como peón como usuario de medios de transporte (abrochase o cinto, non molestar ao condutor...).

Área de Lingua Estranxeira Inglés

- Entender a información esencial en conversacións breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre rutinas, temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, ou descrición moi básica de obxectos.
- Comprender o sentido xeral e o esencial de narracións orais axeitadas ao seu nivel.
- Reproducir e repetir as expresións do docente ou das gravacións utilizadas na aula.

- Responder axeitadamente en situacións de comunicación (saúdo, preguntas moi sinxelas sobre si mesmo, petición ou ofrecemento de obxectos, expresión do que lle gusta ou non, etc.).

Área de Música

- Representar corporalmente curto/longo, grave/agudo, forte/piano, ascendente/descendente.
- Explorar as cualidades sonoras do seu corpo.
- Coñecer algunha persoa compositora.
- Coñecer, utilizar e representar elementos básicos da linguaxe musical, como poden ser pulsación, pentagrama, notas, clave, etc.
- Recoñecer e identificar algún instrumento e a súa familia.
- Repetir esquemas rítmicos escoitados.
- Realizar pequenas improvisacións rítmicas e melódicas.

Área de Educación Física

- Asistir regularmente coa vestimenta adecuada para a actividade física e incorporar nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
- Mostrar boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable, respectar as opinións dos e das demais.
- Participar activamente nas actividades buscando unha mellora da competencia motriz e respectando a diversidade de realidades corporais.
- Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
- Aceptar formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
- Coñecer e identificar as partes do corpo propias e do compañeiro/a.
- Seleccionar e combinar as habilidades motrices básicas e adaptalas a cada situación motriz.
- Representar personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento e reproducir corporalmente estruturas rítmicas sinxelas.
- Comprender a necesidade de facer con seguridade a actividade física.

Área de Ciencias da Natureza

- Recoñecer a importancia dos hábitos saudables de hixiene, exercicio físico, alimentación, descanso e postura para unha boa saúde.
- Identificar perigos do contorno próximo e os hábitos para evitar riscos para a saúde e para previr accidentes.
- Recoñecer as partes do corpo e localizar o esqueleto, a musculatura e as articulacións.
- Recoñecer as funcións vitais dos seres vivos e os órganos e aparatos que interveñen.
- Observar, identificar e recoñecer as características básicas e clasificar animais vertebrados e invertebrados.
- Observar, identificar e recoñecer as características das plantas do seu entorno.

Área de Valores sociais e cívicos

- Recoñecer e describir os seus estados de ánimo, emocións e sentimentos e utilizar estratexias sinxelas para a regulación destes.
- Expresar os seus sentimentos, necesidades e dereitos e respectar os dos e das demais.
- Participar con interese na resolución de problemas escolares.
- Manifestar unha actitude aberta cara aos demais.
- Participar activamente no traballo en grupo, respectando as regras e normas da aula e aos compañeiros e compañeiras.
- escoitar as razóns das persoas nos conflitos e identifica as emocións e sentimentos de ambas partes. É capaz de explicar causas e posibles solucións.

Educación Plástica

- Comentar obras plásticas observadas usando termos sinxelos e adecuados.
- Realizar debuxos e colorear con diferentes tonalidades, distintas liñas, formas xeométricas, etc.
- Practicar con certa soltura o recorte, o pegado, o pintado etc..
- Realizar mesturas de cores primarias.

- Practicar con soltura o recorte e o encartado para crear obras transformando obxectos para o seu uso noutras actividades escolares.
- Coidar o material e respectar as normas preestablecidas.
- Amosar interese polo traballo individual e colaborar no grupo para a consecución dun fin colectivo.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Os **procedementos e instrumentos de avaliación** empregados durante as **duas primeiras avaliacións** foron os seguintes:

- *Observación sistemática.* Escala de observación, rexistros anecdóticos e diarios de clase.
- *Intercambios orais cos alumnos/as.* Mediante o diálogo e as postas en común.
- *Avaliación inicial.* Mediante uns cuestionarios con preguntas.
- *Análise das producións dos alumnos.* Levarase a cabo probas de avaliación escrita para cada unidade e rúbricas de avaliación.

En canto aos **critérios de cualificación** sinalar que as probas tiveron un valor do 40% da nota final, outro 30% valorouse a participación do alumnado e o 30% restante o traballo diario na aula.

A **avaliación** das aprendizaxes desenvolvidas **a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais** será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo. Polo que as actividades realizadas polo alumnado durante este período terán un carácter positivo e favorable. O traballo do alumnado centrarse en actividades de recuperación e reforzo dos dous primeiros trimestres.

Finalmente, a **avaliación final** considerará o conxunto das avaliacións dos dous primeiros trimestres e terase en conta esta terceira sempre e cando teña un carácter favorable para o alumnado.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

A metodoloxía de ensinanza non presencial á que nos vemos obrigados vese moi favorecida polo gran colaboración coas familias que en todo momento mostraron unha actitude comprometida e colaborativa. Todo o alumnado da clase de segundo dispón dun ordenador e de conexión a internet, o que facilitou moito poder seguir traballando e mantendo contacto.

Semanalmente envíolles o traballo para a semana a través do teléfono, sendo este o medio que preferiron as familias. Os venres o alumnado envíame as tarefas da semana e eu remítoilas correxidas e coas aclaracións pertinentes ese mesmo día.

Ademais, tamén semanalmente, mantemos contacto mediante videochamadas.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

As familias son puntualmente informadas de calquera novidade ou información do seu interese a través do Abalar móbil , na páxina web do centro e tamén a través do correo electrónico ou o teléfono, usado para o envío e corrección das tarefas .